



*E.T.S. Enxeñaría de Minas*

# NORMATIVA DAS BOLSAS DE INTERCAMBIO PROPIAS

Universidade de Vigo

---



## Contido

<b>1. Sobre o programa de intercambio</b>	<b>3</b>
<b>2. Proceso de solicitude</b>	<b>3</b>
<b>3. Requisitos do alumnado solicitante</b>	<b>3</b>
3.1. Requisitos xerais.....	3
3.2. Requisitos específicos.....	4
<b>4. Avaliación das solicitudes.</b>	<b>4</b>
<b>5. Recoñecemento dos estudos</b>	<b>4</b>
<b>6. Transitoria para o alumnado da titulación de Enxeñaría de Minas (a extinguir).</b>	<b>5</b>
6.1 Proxecto fin de carreira (PFC).....	5
6.2. Materias libre elección. ....	5
<b>7. Aplicación</b>	<b>6</b>



## 1. Sobre o programa de intercambio

A Universidade de Vigo, a través da súa Oficina de Relacións Internacionais ([ORI](#)), fai pública anualmente a convocatoria de bolsas propias ([Bolsas de intercambio propias](#)) co obxecto de fomentar a mobilidade internacional e incrementar os intercambios do estudiantado en universidades extracomunitarias cas que a Universidade de Vigo ten asinados convenios de intercambio. As prazas ofertadas, características e información figuran na convocatoria que cada curso académico a ORI fai pública.

## 2. Proceso de solicitude

Todo o proceso relativo á solicitude das prazas convocadas está xestionado dende a ORI. Para calquera dúbida ao respecto (impresos, prazos, bolsas...), os solicitantes deberán dirixirse directamente á ORI (Edificio Miralles, tfno.: 986 813 550; correo electrónico: [ori@uvigo.es](mailto:ori@uvigo.es)). A persoa responsable de *Mobilidade Estudiantil* do centro soamente é garante da información académica (elaboración de contratos de estudos, recoñecemento de materias, traballos fin de grao, etc.) e da preselección de candidatos e prazas.

## 3. Requisitos do alumnado solicitante

### 3.1. Requisitos xerais.

Veñen dados pola ORI e aparecen publicados nas resolucións correspondentes a cada convocatoria. Son os seguintes:

- Estar matriculado na Universidade de Vigo no curso no que se presenta a solicitude.
- O estudante deberá matricularse na Universidade de Vigo na titulación para a que solicita a mobilidade no curso no que se realizará a estadía.
- Non poderá solicitar esta bolsa o alumnado que goce outra bolsa de intercambio promovida pola Oficina de Relacións Internacionais durante o mesmo período.



- Non poderá solicitar esta bolsa o alumnado que xa gozase dunha bolsa de intercambio propia da Universidade de Vigo.

### **3.2. Requisitos específicos**

- So poderán optar á convocatoria aqueles/as estudantes de grao que teñan aprobado un mínimo de 120 ECTS.
- Os intercambios propios da ETSE Minas ofértanse exclusivamente para a realización de Traballos Fin de Grao (TFG). Contéplase tamén a posibilidade de validar ata un máximo dos 12 créditos ECTS optativos.
- No caso de destinos cuxa lingua oficial non sexa castelán ou portugués, o alumnado deberá ter un nivel mínimo de inglés B1, a menos que a convocatoria ou perfil da praza especifique outros requisitos.

### **4. Avaliación das solicitudes.**

A selección levarase a cabo pola Comisión de Relacións Internacionais, tras a valoración dos expedientes académicos e as propostas de estudos aprobadas pola persoa responsable de Relacións Internacionais do centro.

A nota media do expediente académico do alumnado calcularase de acordo co protocolo de colaboración suscrito entre a Consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración dos expedientes académicos (DOG do 30 de setembro de 2011).

### **5. Recoñecemento dos estudos**

Para a realización do TFG o alumnado deberá ter un/ha codirector/a na ETSE de Minas que deberá ser profesorado con docencia na ETSE de Minas nunha área de coñecemento afín á temática do traballo, ou ben profesorado que goce do visto e praxe da Comisión Permanente ou sexa asignado por ela. Ao devandito alumnado se lle recoñecerán os créditos do TFG do seu plan de estudos sempre que a universidade de destino onde



realizou o intercambio certifique oficialmente a superación da materia vinculada ó TFG no contrato de estudos de mobilidade.

A cualificación recoñecida será a transcripción da obtida na Universidade de destino.

Cando o alumnado de intercambio propio non supere o TFG e/ou créditos optativos na universidade de destino reflectirase como suspenso na Universidade de Vigo.

## **6. Transitoria para o alumnado da titulación de Enxeñaría de Minas (a extinguir).**

### **6.1 Proxecto fin de carreira (PFC)**

O alumnado da antiga titulación de Enxeñaría de Minas poderá optar a unha bolsa de mobilidade propias da Universidade de Vigo para realizar o proxecto fin de carreira (PFC).

Os requisitos mínimos que deben cumprir os solicitantes serán os mesmos que o alumnado de grao e que aparecen detallados no apartado 3 de esta normativa.

O procedemento a seguir e a validación do PFC seguirá os mesmos pasos que para o alumnado de grao recollidos no apartado 5 desta normativa.

### **6.2. Materias libre elección.**

O alumnado da titulación a extinguir poderá solicitar a validación de materias adicionais cursadas na universidade de destino como beneficiario/a de bolsas propias por créditos de libre elección. A decisión última sobre este recoñecemento recaerá na comisión permanente da ETSE Minas, que valorará positiva ou negativamente a solicitude, previa aceptación a trámite da persoa responsable de RRII do centro. A equiparación de créditos empregada nestes casos será 1 ECTS = 1 Crédito local, e o máximo número de créditos a solicitar por cursos realizados durante a estadía será de 6 ECTS.



## 7. Aplicación

A presente normativa entrará en vigor dende a súa aprobación.

**Asinado**



**M<sup>a</sup> do Carme Pérez Pérez**

Subdirectora de mobilidade estudantil  
ETSE Minas